

Actividades para proxectos

FP. Grao Medio e Grao Superior. 16 a 20+ anos

Creamos o noso vídeo CV

	Formación Profesional 16 a 20+ anos
	Nivel Básico
	Temporalización 2-3 sesións
	Socios 2 socios

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Realízase unha presentación inicial do alumnado dos centros de FP (sexa ou non da mesma especialidade) ou entre centros de diferentes etapas formativas. Unha vez que os dous grupos se coñeceron, cada alumno/a prepara o seu vídeo currículo que será valorado polo resto dos compañeiros/as.

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE


1. Fomentar o coñecemento e interacción entre o alumnado socio.
2. Preparar un vídeo currículo que sexa funcional e válido para a busca dun traballo.
3. Valorar, desde a perspectiva empresarial, os traballos realizados (vídeo currículos) polo resto de compañeiros/as.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1:

Os docentes inscriben o alumnado no TwinSpace, entréganlles as claves de acceso e indícanlles o enderezo URL para entrar: <http://twinspace.etwinning.net>



Name	Role	Country	City	School	Last login	Actions
Clara Bosch	Pupil	Spain				Reset password Delete
Laura Sans	Teacher administrator	Spain	Madrid	Profesorado FP	04.10.2018 20:21	
	Teacher administrator	Spain				
Meritzell Rodríguez	Pupil	Spain				Reset password Delete
Xavier López	Pupil	Spain				Reset password Delete

Ligazón ao **tutorial 1: Como rexistrar alumnado en Twinspace**

https://es.slideshare.net/SNA_etwinning/como-registrar-a-alumnos-en-el-twinspace

Paso 2: Presentación persoal do alumnado

Os docentes crean unha cortiza/muro virtual utilizando lino.it <http://en.linoit.com/> ou similar. O título desta cortiza será **“Quen somos?”**.

Ligazón ao tutorial 2: Tutorial de Lino.it

<https://www.youtube.com/watch?v=rFpZq4SC61o>

Paso 3:

O profesorado abre unha páxina de actividades en TwinSpace co mesmo título dado en Lino it, **“QUEN SOMOS?”**. Nesta páxina incrustase a cortiza dixital. O alumnado debe

realizar unha pequena presentación persoal que inclúa o seu nome (pode ser ficticio), idade, propoñer un monumento da Unión Europea que lle gustaría visitar e por que. Unha vez realizada a presentación, cada alumno/a debe comentar a presentación de dous compañeiros/as doutro país.



Ligazón ao tutorial 3: Como crear unha páxina de actividades en TwinSpace.

<http://etwinning.es/wp-content/uploads/2016/01/C%C3%B3mo-crear-una-p%C3%A1gina-de-actividades-en-el-Twinspace.pdf>

Ligazón ao tutorial 4: Como inserir ferramentas 2.0 nunha páxina do TwinSpace

<http://etwinning.es/es/como-insertar-un-voki-en-una-pagina-del-twinspace/>

Fase 2. Posta en práctica

Paso 4: Créase unha nova páxina en TwinSpace **“Orientacións previas para crear o teu vídeo currículo”**. Sóbese un vídeo á sección **Materiais-vídeos** sobre a utilidade desta ferramenta na busca de traballo. <https://www.youtube.com/watch?v=TacFbMmHj5M>

Ligazón ao tutorial 4: Como subir vídeos a TwinSpace.

https://es.slideshare.net/SNA_etwinning/cmo-subir-vdeos-al-twin-space



Paso 5:


A partir desta páxina, “**Orientacións previas para crear o teu vídeo currículo**”, créase unha primeira **subpáxina**: “**Exemplos de vídeo currículos**” na que se incrusta un vídeo con exemplos de vídeo currículos creativos:

https://www.youtube.com/watch?v=B_2nwowPnEQ



Paso 6:

Créase unha segunda **subpáxina** desde a páxina “**Orientacións previas para crear o teu vídeo currículo**”, co nome “**Consellos para crear o teu vídeo currículo**”. Aquí amosaranse uns sinxelos consellos para guiar a filmación do vídeo.



Paso 7:

Créase unha terceira **subpáxina** desde a páxina “Orientacións previas para crear o teu vídeo currículo”, co nome “**Rúbrica para a elaboración do teu vídeo currículo**” onde se presenta a rúbrica que servirá de guía para a coavaliación da actividade entre compañeiros/as.

<https://drive.google.com/file/d/1ENRv3ZEbKLFo07jqN90PeS1eJdOdriMF/view?usp=sharing>



Paso 8:

Os docentes utilizan o Twinmail (correo electrónico do TwinSpace) para coordinarse na formación de parellas internacionais que se encargarán de avaliar a tarefa realizada polo/a compañeiro/a.



Paso 9:

Ábrese unha nova páxina en TwinSpace **“O noso vídeo currículo”**. Nesta páxina os docentes publican a lista das parellas internacionais acordada no anterior punto. Paralelamente, créase un muro virtual <https://es.padlet.com> ou similar onde compartir os vídeo currículos que se incrustan na páxina. Cada alumno/a crea o seu vídeo currículo persoal, utilizando o seu propio móbil, tableta ou ordenador persoal, ten en conta as *“Orientacións previas para crear o teu vídeo currículo”* que unha vez rematado sobe ao muro e comenta, de forma construtiva, o vídeo currículo da súa parella internacional.

Ligazón ao tutorial 5.

Tutorial Padlet. <https://www.youtube.com/watch?v=ScFXKzRowZg>



Paso 10:

O alumnado debe valorar a súa parella internacional de acordo cos puntos establecidos na rúbrica e que se atopan publicados nesta ligazón:

https://es.surveymonkey.com/r/Preview/?sm=75sn5sZiJWp_2BtXda0GiQgcSvywoFYJO_RGRxit0euuN7i2oyD8jwUd6MJHgGnccOp

Ábrese unha nova páxina en TwinSpace, “**Valoro o vídeo do/a meu/miña compañeiro/a**” onde se enlaza a rúbrica de valoración entre pares.

https://es.surveymonkey.com/r/Preview/?sm=75sn5sZiJWp_2BtXda0GiQgcSvywoFYJORGRxit0euuN7i2oyD8jwUd6MJHgGnccOp




The screenshot shows a survey form titled "VALORO EL VIDEO DE MI COMPAÑERO/A" with an "Edit page" link in the top right. The instructions in Spanish ask the user to evaluate a video based on a rubric. A link to the survey is provided. Below the instructions, it says "Rúbrica de coevaluación entre pares". There are two questions: 1. "Nombre y apellidos" with a text input field, and 2. "Duración del video" with a slider. The slider has three positions: "Se ajusta al tiempo establecido", "Excede o está por debajo de 2 minutos", and "Excede o está por debajo de 5 minutos".

Paso 11:

Creamos unha páxina final en TwinSpace, “**Votacións para o noso Vídeo CV**” onde se incrusta <https://www.tricider.com/> cos nomes do alumnado que realizou o vídeo currículo, para que cada traballo poida ser votado.

Ligazón ao tutorial 6.

Tutorial Tricider: <https://www.youtube.com/watch?v=alanRYhKln4>



Fase 3. Recollida de datos, promoción e avaliación

Paso 12:

Cada docente socio avalía o seu alumnado segundo a rúbrica que se publicou no paso 7 (**“ORIENTACIÓN PREVIAS PARA CREAR O TEU VÍDEO CURRÍCULO-SUBPÁXINA-RÚBRICA PARA A ELABORACIÓN DO TEU VÍDEO CURRÍCULO”**).

<https://drive.google.com/file/d/1ENRv3ZEbKLFo07iqN90PeS1eJdOdriMF/view?usp=sharing>

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Muros dixitais nos que se amosan as presentacións dos/das alumnos/as, a interacción que se realiza entre eles e compártense os vídeos currículos.
- Páxinas de TwinSpace coas presentacións dos vídeo currículos elaborados polo alumnado.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

-TwinSpace (foro, perfil individual e Diario do proxecto)

-Taboleiros ou muros dixitais: Lino it <http://en.linoit.com/>, Padlet <https://es.padlet.com> ou similar.

-Ferramentas de avaliación: <https://es.surveymonkey.com/> e <https://www.tricider.com/>



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | [Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado](#) | [Ministerio de Educación e Formación Profesional](#)

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

[Aviso Legal](#)



SchoolEducationGateway